

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 22 de marzo de 2013

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María

Allegue Aguete, Pilar

Rodríguez Domínguez, M^a Mar

Valcárcel Fernández, Patricia

Martínez Yáñez, Nora M^a

Muleiro Parada, Luis

Aneiros Pereira, Jaime

Arias Martínez, M^a Antonia

Barahona Martín, Magdalena

Bergareche Gros, Almudena

Bouso Cedrón, Pedro

Bruna Quintas, Cristina

Domínguez Rubira, Carmen

Fernández Carballo-Calero, Pablo

Fernández Docampo, M^a Belén

Ferrero Martínez, M^a Dolores

Del Río Otero, Coral

García Gestoso, M^a Noemi

Grande Seara, Pablo

Manzano González, Baltasar

Mariño de Andrés, Ángel M.

Martínez Hens, Helena

Martínez Táboas, Teresa

Orge Míguez, José Carlos

Rodríguez Damián, Amparo

Rodríguez Rodríguez, Emma

Santos Castroviejo, Iago

Trigo Gómez, Pilar

Barreiro Carril, M^a Cruz

Estévez Abeleira, Teresa

Guerrero Saco, Alejandro

Iglesias Trigo, David

Piñeiro Fernández, Raquel

Senra Francisco, Lorena del Carmen

Salgado André, Elena

López Prieto, M^a Nieves

Vázquez Escudero, Antonio José

Iníciase a reunión sendo as 10.35 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 18 de febreiro de 2013).
2. Informes da Decana
3. Aprobación, se procede, dos horarios provisionais para os Graos do Centro do curso 2012/2013.
4. Aprobación, se procede, da memoria económica do orzamento do ano 2012.
5. Ratificación, se procede, da distribución do orzamento para o ano 2013 aprobado por Consello de Goberno.
6. Aprobación, se procede, de documentos de calidade a proposta da Comisión de Calidade do Centro:
 - a. Alegacións al resultado del informe de seguimiento del Master en OJM (2010-2011)
 - b. Alegacións al informe final RRL (2010-2011)
 - c. Informe de seguimiento y resultados del PAT 11-12
 - d. Política de calidade de la Facultad (12-13)
 - e. Informe de resultados anuales (11-12)
 - f. Informe de seguimiento de los objetivos de calidade del Centro (11-12)
 - g. Plan de traballo (12-13)
 - h. Informe de seguimiento. Plan Anual de mejoras del Centro (PAM) (11-12)
 - i. Propuesta del Plan de Anual de Mejora (PAM) (12-13)
7. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de Padriños Externos de **Relacións Laborais**

8. Aprobación, se procede, do recoñecemento de créditos de Libre elección e Créditos ECTS por cursos de formación.
9. Aprobación, se procede, dos criterios de reparto de créditos por “Recoñecementos de apoio á actividade docente dos centros”.
10. Rogos e preguntas.

Comenza a reunión sendo as 10.45 da mañá. A Decana excusa a ausencia na Xunta das seguintes persoas: Dona Marta García Mosquera, Dona Lucía Núñez Martínez e Don Isaac Borja Araujo Figueroa.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 18 de febreiro de 2013)

A Secretaría explica que se corrixe o cargo do Profesor Escudero, que é Vicepresidente da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación, non Presidente, e o cambio de apelidos da Profesora Teresa Martínez Táboas que é quen fixo a presentación do mesmo.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informes da Decana

A Decana informa dos seguintes asuntos:

- a) Dos mecanismos que se instalarán para incrementar a seguridade á entrada do Centro.
- b) Das obras de acceso ao Centro, que mellorarán a entrada da Facultade e a facilidade de acceso. Realizarase tamén un acondicionamento da parte dianteira da Facultade, colocando bancos de cemento e madeira, luces de chan e unha terraza.
- c) Felicita ás Profesoras Esther González Pillado e Teresa Martínez Táboas, nova Directora e Secretaria, respectivamente, do Departamento de Dereito Público.
- d) Felicita aos alumnos en prácticas, pois de diversas entidades nas que están a desenvolverlas manifestaron ao Centro o gran nivel que teñen.
- e) Informa de que malia as xestións realizadas para que se atribuíse ao Centro un funcionario ou persoa que asumise as tarefas de calidade, polo de agora

non se dotará. Entretanto e convocan bolsas por meses para atender estas cuestións.

f) Aínda que este curso deberían acreditarse os Masters de OJM e Menores, este prazo prorrogouse dous anos máis.

g) Chegou o informe definitivo do VAD do curso 10-11, respecto do que se presentaron alegacións a calificación obtida previamente. Ditas alegacións xurdiron efectos pois pasamos dunha avaliaición de 3,25 sobre 5, á calificación definitiva de 3,54 sobre 5.

h) Hai proposta dunha asociación de discapacitados que solicita da Facultade apoio xurídico. Asemade, no mesmo senso, recibíuse a visita dun Director dun despacho xurídico interesándose por unha colaboración coa Facultade. Será un tema que terá que valorarse para analizar as vías de artellamento.

i) En relación cos TFG a Decana aclara algúns puntos que parece están a provocar algunhas dúbidas:

a. Estase a buscar unha solución para que aos alumnos que aproben en maio o TFG pero que non poidan ser cualificados desta materia por ter outras pendentes, se lles poida gardar a cualificación do TFG ata xullo e se lles reflecta no seu expediente no caso de superasen o resto de créditos do Grao. Se non se conseguise, adoptaríaase un acordo na Xunta para manter a cualificación de maio a xuño, dado que é convocatoria única.

b. Se un alumno aproba o TFG en maio ou xullo pero non pode ser cualificado por non ter superado os resto de créditos, verase de aprobar un acordo no senso de que: os alumnos matriculados no TFG que teñan titor e tema asignado, se contan co visto e prace do seu titor, podan manter o tema do TFG e defendelo na convocatoria de Fin de Carreira. Máis alá diso, na matrícula dos cursos próximos, o alumno non ten garantido nin tema nin titor.

j) Na segunda quincena de abril rematarase de formar o estrutura organizativa da Revista da Facultade.

3. Aprobación, se procede, dos horarios provisionais para os Graos do Centro do curso 2013/2014

A Vicedecana Nora Martínez Yáñez explica algúns cambios formais respecto da proposta enviada:

-En 1º do Grao en Dereito no 2º cuatrimestre: Os grupos C y D de novas Tecnoloxías, que tiñan clase os mércores, ás 12:00, pasan a impartirse os venres ás 9:30. Doutra banda, os grupos prácticos de Historia do Dereito, Introducción ao Dereito, Dereito Constitucional II e Fundamentos de Contabilidade, que se impartían os venres a partir das 9:30 h. pasan a impartirse os mércores a partir das 12:00 h. Este cambio foi consensuado entre todos os profesores afectados.

-En 4º do Grao en Dereito, 2º cuatrimestre, a asignatura Constitución Económica, pasa a impartirse os mércores e xoves, ás 15:00, e Dereito Administrativo económico pasa a impartirse os xoves, ás 18:50, e os viernes ás 16:55.

-Corríxese un erro en 4º do Grao en Dereito, 1º cuatrimestre, xa que os luns ás 16:15 o grupo práctico A debe ter prácticas de Fundamentos de Defensa da Competencia, e non Fundamentos de Administración de Empresas, como constaba nos horarios remitidos aos membros da Xunta.

A Profesora Noemi García Gestoso intervéñ para plantexar a posibilidade de que sendo a aprobación provisional máis adiante vese que é factible facer un axuste consensuado que se faga chegar o Decanato sería admisible.

A Decana explica que en principio sí, que calquera medida que non perxudique a ninguén non habería problema en adoptala.

4. Aprobación, se procede, da memoria económica do orzamento do ano 2012

Apróbase por asentimento.

5. Ratificación, se procede, da distribución do orzamento para o ano 2013 aprobado por Consello de Goberno

Ratificase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, de documentos de calidade a proposta da Comisión de Calidade do Centro:

- a. Alegacións al resultado del informe de seguimiento del Master en OJM (2010-2011)
- b. Alegacións al informe final RRLL (2010-2011)
- c. Informe de seguimiento y resultados del PAT 11-12
- d. Política de calidad de la Facultad (12-13)
- e. Informe de resultados anuales (11-12)
- f. Informe de seguimiento de los objetivos de calidad del Centro (11-12)

- g. Plan de trabajo (12-13)
- h. Informe de seguimiento. Plan Anual de mejoras del Centro (PAM) (11-12)
- i. Propuesta del Plan de Anual de Mejora (PAM) (12-13)

Todos este documentos foron aprobados en Comisión de Calidade.

Apróbanse todos os documentos por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de Padriños Externos de Relacións Laborais

A Decana explica que foron propostos D. José Silveira Cañizares e Doña María del Rosario Martín Alonso.

Apróbase a proposta por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do recoñecemento de créditos de Libre elección e Créditos ECTS por cursos de formación

A Decana explica que a Área de Dereito Mercantil presentou unha proposta de Curso: “La protección del consumidor frente a la publicidad ilícita”, que tería unha duración de 30 horas. Solicítase a aprobación do Curso dacordo coa memoria académica e económica presentada e o recoñecemento de 2 créditos de Libre Elección e 1 crédito ECTS.

Apróbase o curso por asentimento co recoñecemento solicitado.

9. Aprobación, se procede, dos criterios de reparto de créditos por “Recoñecementos de apoio á actividade docente dos centros”

A Decana solicita que para que se poidan facer repartos razoables se habilite a suma das horas das Bolsas dos dous Graos, o que se acepta pola Xunta. Asemade indica os criterios do reparto que se seguirán.

a) Coordinación cursos: 121,8 horas

b) Organización do TFG: 26,1 e algunha hora máis para os coordiadores de TFG

c) Intercambio de estudantes: 30,63 e algunha hora máis para os Responsables de Intercambios do Centro.

d) Prácticas extracurriculares: 10,5 e) Prácticas curriculares: 14,25; sumáanse e se repartirán xunto con alguna hora máis entre as persoas que teñan adxudicada a coordinación de prácticas externas.

f1) Calidade I2C+I3C: 31,95: Trátase de horas recoñecidas por control da actividade docente. Atribuiranse a persoa que leva este control.

f2) Calidade 135(I3C): 6,53. Trátase de horas recoñecidas por actividades de innovación. Atribuiranse á persoa que realice alguna actividade desta natureza.

g) Bolsa de horas PDA: 354 (Dº: 163 + RLL: 191), repartiranse entre:

-Profesores que integran os Tribunais de TFG

-PAT: 2 horas aos Profesores que colaboran no PAT

-As horas restantes da bolsa da PDA xunto coas 121,8 do primeiro apartado repartiranse entre os coordinadores de materias das dúas titulacións con exclusión de todas as materias optativas.

Aínda que este ano repartiranse as horas equitativamente entre todos, a Decana considera que de cara ao futuro sería importante adoptar criterios específicos de reparto para que as horas se repartan entre quenes realizan efectivamente a coordinación.

10. Rogos e preguntas

Pide a palabra o Profesor Ángel Mariño, quen indica que o aspecto da Facultade viuse impactado pola colocación do sistema de ventilación das Aulas A. Roga que se faga unha camuflaxe de cor para que non se rompa a estética do edificio.

A Profesora Almudena Bergareche comenta os problemas de filtración do fume do tabaco nas zoas nas que fuman os alumnos e que nunha das aulas ao carón do respiradeiro hai un oco que pode plantexar problemas de seguridade.

A Decana aclara que se toma nota destas indicacións e verán de arranxarse.

Non habendo máis rogos e preguntas levántase a sesión sendo as 12.15 horas da que dou fe como Secretaria